

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE MAIO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de maio de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: licenza urbanística para execución dunha vivenda unifamiliar e peche da parcela no núcleo rural tradicional de Xuxaos+Torre, parroquia de San Miguel de Orbazai (exp: 2022/Y001/000003); licenza urbanística para demolición de edificación existente, en Tolda de Meilán (exp: 2022/Y001/000070); e licenza urbanística para demolición e posterior construción de edificio na rúa Rei Don García, número 101, rúa dos Agros (exp: 2022/Y001/000009).

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2023, polo que se denega a licenza urbanística para a construción de instalacións domésticas de manexo de gando ovino en réxime de semiliberdade, en Vilachá, parroquia de San Pedro de Labio (2023/P014/000040).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para obras de reforma de cuberta e demolición e reforma de anexo a vivenda tradicional, no núcleo rural tradicional de Tolda de Meilán, número 8, parroquia de Meilán (exp: 2022/Y001/000021).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para a legalización e ampliación das obras e actividade de industria cárnica e acondicionamento da

parcela na Estrada N-VI, km. 497,5 Nadela (exp: 2022/Y001/000148).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación inicial do "Proyecto modificado de urbanización del Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo)". PU-235.

Tamén se acorda a aprobación inicial do "Proyecto urbanización Polígono 3 - Sector II ING (UZPI-2.1) Concello Lugo". PU-229.

Acórdase a desestimación do recurso de alzada interposto contra o acordo de aprobación do "Proyecto urbanización Polígono 3 - Sector II ING (UZPI-2.1) Concello Lugo" adoptado na asemblea xeral extraordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021 pola Xunta de Compensación do Polígono 3 Sector II SUNP "IN-G". PU-229.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación da contratación da actuación do grupo Célitica en Arde Lucus 2023, a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade (exp ref. 2023/C005/000004).

Tamén se acorda a aprobación da contratación da subministración de tres vehículos mediante lotes para o Parque Móbil, a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación (exp ref 2023/C004/000018).

Acórdase a toma de razón das incidencias, durante a execución da obra, que imposibilitaron o remate no prazo previsto da contratación da obra "actuaciones relacionadas con línea de actuación 6 del Proyecto Muramiñae" (itinerario ciclista na zona EDUSI), incluído no programa operativo FEDER orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, con financiamento do 80% (exp. ref. 2020-C002-000016).

Acórdase a desestimación da solicitude de suspensión da executividade do acordo 3/187 da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto de obra de demolición do edificio e da urbanización no ámbito do URPI-58 (antiga UA CS5), así como restitución ao estado orixinal dos terreos (exp. ref. 2022-C002-000018).

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación da liquidación provisional das seguintes regularizacións tributarias: regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para instalación de ascensor, na rúa Santiago, número 24; regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para modificación de instalacións existentes en estación de servizo en Hipermercado Carrefour, N-VI, P.K. 501,00; regularización tributaria exp. denegación de licenza urbanística para derribamento e baleirado de edificacións existentes na rúa San Froilán, números 16-18; regularización tributaria exp. denegación de licenza urbanística para construción de edificio na rúa San Froilán, números 16, 18 e 20; regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para construción de galpón, en Santoño, Piúgos; regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para modificación de proxecto básico e de execución con licenza 561/2019 para construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural de Fazai- A Viña (Carballido); regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a rehabilitación de construción tradicional para uso de apartamentos turísticos en San Andrés de Castro, número 11, no núcleo rural de Conturiz; e regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para reforma en edificio existente para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada tradicional de planta baixa e planta alta no núcleo rural tradicional de Locai, número 4, parroquia de Santa María Alta.

5. FOMENTO.- Acórdase a aprobación da memoria-programa de rehabilitación no recinto histórico de Lugo, Fase XVII, así como do texto do acordo da comisión bilateral, relativo ao entorno residencial de rehabilitación programada do casco histórico de Lugo, Fase XVII, no Concello de Lugo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén se acorda a aprobación do convenio de colaboración institucional entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia e o Excmo. Concello de Lugo (exp 1087/2023).

Fora da orde do día

- Acórdase a aprobación do proxecto técnico do Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-16.R.

- Acórdase a aprobación inicial do Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S.5-l.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.